



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA

## SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA CELEBRACIÓN DE CERIMONIA CIVIL NO CONCELLO DE PONTEVEDRA

### SOLICITANTE

<b>Nome:</b>	
<b>NIF:</b>	<b>Teléfono:</b>
<b>Fax:</b>	<b>Correo:</b>
<b>Domicilio:</b>	
<b>CP:</b>	<b>Localidade:</b>

### REPRESENTANTE (CANDO PROCEDA)

<b>Nome:</b>	
<b>NIF:</b>	<b>Teléfono:</b>
<b>Domicilio:</b>	
<b>CP:</b>	<b>Localidade:</b>

### EXPÓN

Que desexando celebra-la cerimonia de matrimonio civil entre don/a \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ e don/a \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_ nese Concello, o día  
\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_\_\_, ás \_\_\_\_\_ horas, é polo que

### SOLICITA

Que se teña a ben concederlle a debida autorización para celebra-la cerimonia do seu matrimonio nas dependencias dese Concello.

#### DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR:

- Documento acreditativo do pago da taxa correspondente
- Fotocopia do DNI dos contraentes
- Fotocopia do DNI de dúas testemuñas maiores de idade que deberán estar presentes na cerimonia.
- Documento denominado "Relación de datos de matrimonio civil" expedido polo Rexistro Civil de Pontevedra.

A persoa solicitante declara BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE que é certo canto subscribe, e achega tódolos documentos que marca.

Pontevedra, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_\_\_  
Sinatura do solicitante

**O EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA**

## A túa voda no Concello de Pontevedra

### Que é?

A modificación do Código Civil pola Lei 35/1994 concede a posibilidade de contraer matrimonio civil diante do Alcalde ou concelleiro ou concelleira en quen delegue, conforme ás ausencias do Alcalde.

### Que documentos hai que achegar?

Para a celebración do matrimonio civil no Concello de Pontevedra non hai que estar empadroado no concello, pero é necesario:

1. Tramitar a solicitude no Rexistro Civil do concello onde se atopen empadroados, encargado de autorizar ao noso Concello para a celebración da voda. O Rexistro Civil de Pontevedra expedirá o documento denominado "Relación de datos de matrimonio civil".

Enderezo do Rexistro Civil de Pontevedra:  
Rúa Francisco Tomás y Valiente, s/n; 36004 Pontevedra  
Tel.: 986 805 767

2. Presentar no Rexistro Xeral do Concello a seguinte documentación:
  - Solicitude de casamento.
  - Documento acreditativo do pago da taxa correspondente (81,73 €).
  - Fotocopia do DNI dos contraentes.
  - Fotocopia do DNI de dúas testemuñas maiores de idade que deberán estar presentes na cerimonia.
  - "Relación de datos de matrimonio civil" expedida polo Rexistro Civil de Pontevedra.

### Data

Pódese elixir día e hora chamando ao teléfono 986 100 185, extensión 7102 ou ben acudindo ao Gabinete de Alcaldía do Concello en horario laboral durante a semana. A data reservárase durante tres semanas, se neste prazo non se presentase a solicitude a reserva quedará sen efecto.

A documentación necesaria deberá presentarse polo menos 10 días antes da voda.

### Horario

As cerimonias de matrimonio civil no Concello de Pontevedra teñen unha duración aproximada de 15 a 20 minutos e realízanse no salón vermello do Pazo de Mugártegui os venres pola tarde e os sábados. Con carácter excepcional, as vodas que se celebren durante a semana faranse na Alcaldía ou na sala de comisións do Concello, na rúa Michelena, 30.

Podes casar:

- Calquera día laborable de 8.00 a 14.30 horas
- Os venres pola tarde de 18.00 a 20.00 horas
- O sábados de 11.30 a 14.00 horas e de 18:00 a 20.00 horas.
- Non se celebrarán vodas nin os domingos nin os festivos.

### Organización

Para unha mellor organización da cerimonia deberase chamar ao teléfono 986 100 185, extensión 7102, unha semana antes da voda, para indicar:

- Número aproximado de asistentes á cerimonia.
- Música: poderán contratar pola súa conta música en directo, traer un equipo de música, etc.
- Adornos florais: poderán adornar persoalmente ou a través dunha floraría. Os adornos colocaranse 30 minutos antes do comezo da cerimonia e retiraranse ao finalizar a cerimonia civil. De haber outra voda antes o tempo para adornar reducirase a 15 minutos.
- Aneis: non son obrigatorios pero débese indicar se os levan.
- Vehículos: durante o tempo da cerimonia poderán aparcar ata dous vehículos na praza da Pedreira, de haber algún asistente con problemas de mobilidade poderán ser tres. Informarase coa antelación dunha semana á Policía Local da matrícula daqueles.

### Para máis información

Servizo de Protocolo  
T. 986 100 185, extensión 7102  
[protocolo2@pontevedra.eu](mailto:protocolo2@pontevedra.eu)